Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Eimil

Ó pé do castro de Gondaísque, Vilalba (Lugo), coñecido tamén como Castro Grande ou Cunca do Castro, sitúan os veciños do lugar a vila asolagada de Eimil. En días de moito sol aínda poden verse nunha poza as torres do campanario da igrexa somerxida.

Contaban que ó amencer saía unha galiña con pitos nunha fonte grande que hai alí; nunha fonte que nunca seca.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Información de ROSA MILLOR NASEIRO, Trimaz, Gondaísque, Vilalba (Lugo).Xuño de 1995.

PERNAS BERMÚDEZ, Mª Carmen, «Unha cita obrigada para os amantes da prehistoria», en El Progreso, 31 de agosto de 1997, p. XX, suplemento especial "*Vilalba*".

Bibliografía:

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda», en Croa, nº8, 1998, pp. 42-63.